

## [A formación dos profesionais da comunicación]

Ernesto Sánchez Pombo

Fronte ás afirmacións rotundas que se veñen de facer sobre a desaparición dos xornalistas, eu vou transmitir unha declaración de absoluto optimismo respecto ó futuro da profesión. O xornalista non vai desaparecer como tal das redaccións dos medios de comunicación. Terá que adaptarse ós novos tempos e ás novas necesidades. Terá que evolucionar. Pero non desaparecerán. Os xornalistas seguirán sempre vivos.

Joseph Pulitzer, pai do xornalismo amarelo e promotor da primeira Facultade de Xornalismo, a da Universidade de Columbia, escribiu en 1904 que, antes de que rematara o século, as Facultades de Xornalismo terían que ser xeralmente recoñecidas e aceptadas como a forma ordinaria de preparar aos profesionais da comunicación.

A situación en España neste momento é a seguinte: As redaccións dos xornais e outros medios están formadas por:

1. Profesionais que non tiveron ningunha formación específica e aprenden a profesión nos propios medios. Uns, con formación universitaria. Outros, sen formación universitaria.
2. Profesionais que cursaron estudos orientados directa ou indirectamente ao exercicio da profesión.

- Licenciados en Ciencias da Información.
- Licenciados en Ciencias da Información ou en outras carreiras universitarias que fixeron un master en xornalismo.
- Titulados pola vella Escuela Oficial.

Os actuais profesionais españois proveñen maioritariamente do segundo grupo e, dentro destes, a porcentaxe máis alta cursou estudos de Ciencias da Información. Son moi poucos os profesionais que carecen de formación específica previa e, dentro destes, menos aínda os que non seguiron estudos universitarios.

### CENTROS DE ESTUDIOS DE XORNALISMO E FACULTADES DE CC. DA INFORMACIÓN

1926. Escuela de Periodismo de El Debate

1941. Escuela Oficial de Periodismo

1958. Instituto de Periodismo da Universidad de Navarra

1960. Escola da Igrexa

1971. Créanse as primeiras Facultades de Ciencias da Información: Universidad Complutense de Madrid, Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad de Navarra (transfórmase en Facultade o anterior Instituto de Periodismo).

1975. Colegio Universitario CEU San Pablo, adscrito á Universidad Complutense

1981. Universidad del País Vasco (créase a Facultad de Ciencias de la Información dentro da Facultad de Ciencias Sociales).

1988. A partir desta data prodúcese unha rápida progresión no número de Facultades: La Laguna, Universidad Pontificia de Salamanca, Universidad de Sevilla, Universidade de Santiago (1991), Universitat Pompeu Fabra e Universitat Raimond Llull, en Barcelona, Universidad Pública de Salamanca, e case tódalas universidades nacentes que se crean en Madrid: Centro de Estudios Europeos, Antonio Nebrija, etc.

A demanda é crecente. Así no 1972/73 estaban matriculados nas Facultades de Ciencias da Información 3.733 estudantes. O número de Facultades multiplicouse por seis, desde aquela, e o número de alumnos, por máis de dez.

As razóns desta chea son evidentes e por todos coñecidas. O crecente prestixio social da profesión xornalística e, máis en xeral, o prestixio das profesións relacionadas coa comunicación, ao que hai que engadi-lo éxito e a popularidade atinxidos por algúns profesionais. Este prestixio, da súa banda, orixinouse en parte na mesma elevación do xornalismo ao rango universitario e na mellora cualitativa que isto supuxo. E, tamén, no papel que os medios xogaron na construción da vida democrática de tan-

tas nacións e, particularmente, en España. Outro factor decisivo foi a incorporación da muller ao mundo profesional e a forte atracción que este tipo de estudos e de profesión exerceu sobre a poboación feminina.

Un terceiro factor, a magoante caída na estima social dos estudos de Filosofía e Letras e de Humanidades en xeral. O oco que deixou cubrírono ata certo punto as Facultades de Ciencias da Información.

Eu quixera referirme agora ós problemas existentes nas Facultades de Ciencias da Información. E en primeiro lugar á oposición dos profesionais.

Moitos xornalistas e profesionais do mundo audiovisual e da publicidade viron con desconfianza, que decote se traducía nun refugamento aberto, as Facultades de Ciencias da Información. Trátase dunha polémica vella e universal. Xa no ano 1904 Joseph Pulitzer queixábase acedamente, querendo pór fin para sempre ao dilema de se o xornalista nace ou se fai: "Só os parvos nacen, os outros precisan algunha formación", precisou Pulitzer.

En España a última discusión pública e con grande resoancia estalou no 1989/93, cando a Federación de Asociaciones de la Prensa (FAPE) formulou a posibilidade de aceptar como asociados a persoas que non obtiveran o título en Ciencias da Información pero que levaban xa determinado tempo a traballar nos medios: a denominada "terceira vía" de acceso á profesión xornalística.

Trátase, se cadra, dunha polémica estéril, que non serve para clarexa-lo problema nin para afortalar ningunha das posicións. Máis ben fai febles a todos. Conviría, en todo caso, teimar sobre unha serie de premisas:

- *A profesión xornalística é unha profesión aberta.* Non ten, xa que logo, moito sentido pretender condicionar o seu exercicio, exclusivamente, a uns estudos universitarios.

- *A vía ordinaria para a formación de profesionais do xornalismo son as Facultades específicas de Ciencias da Información:* a esixencia dunha graduación universitaria é garante dun mínimo nivel de calidade nos profesionais.

- *Os xornalistas non se forman só na Facultade.* Porén, tampouco se forman só nos medios. Para a formación dun bo xornalista precisábase recorrer a ámbolos dous ámbitos.

Outro aspecto a destacar é a falta de tradición académica nas facultades.

Os estudos de comunicación sufriron graves problemas de definición que aínda non están completamente superados. O máis claro de todos eles ten os seus alicerces no enfoque teórico e máis no enfoque profesional, que se traduciu en tres tipos de Facultades: A School of Journalism, a Public Communication

School e o modelo híbrido que tenta compaxinar aqueles dous. O primeiro é o máis espallado nos Estados Unidos; o segundo, se ben non é infrecuente nos USA, podería considerarse típicamente europeo, exportado asemade a Hispanoamérica.

O *modelo teórico* vese con maior receo aínda pola profesión e perdeu creto no mundo universitario.

O modelo profesional adoita estar mal visto polos académicos de outras disciplinas, que o consideran pouco universitario. (No fondo coidan que os profesores desas Facultades non son moi académicos, pois na súa maior parte proceden do mundo dos medios, sen ter seguido a carreira universitaria típica. Poucos acadan o título de doutor e se adican á investigación, limitándose a ensinar o que fixeron como profesionais.)

O *modelo híbrido*, o español, padece os males dos dous, mais podería abeirar en si mesmo tamén as solucións. O xornalismo non é unha ciencia, senón máis ben unha arte, aínda que, evidentemente, se pode converter en obxecto científico, como as demais artes e técnicas. Estas dúas facianas deben estar presentes na docencia universitaria dos nosos días. Deben complementarse.

Hai un terceiro apartado no que eu sitúo as dificultades para atopar profesores idóneos. A meirande parte dos profesores de Ciencias da Información saen, aínda que pareza unha simplificación, ben das Facultades de Filosofía e Letras ou das de CC Sociais, ben do mundo profesional con ou sen estudos previos. Son moi poucos, e en todo caso moi novos, os que se formaron como científicos e docentes nas propias Facultades. Amais hai dous factores que poñen en perigo o seu asentamento académico: a proliferación de Facultades e a súa masificación. Non parece que, nestes momentos, a Universidade sexa quen de atendela demanda de profesores que a creación de novas Facultades esixe.

E un último problema que é o da progresiva masificación.

Se a masificación da Universidade é un problema de gravidade, no caso das Facultades de Ciencias da Información tal vez sexa maior, malia a limitación de prazas establecida en todas elas. Isto débese a todo o exposto con anterioridade e, tamén, a que a mesma natureza do saber que se debe transmitir a estes estudos require unha particularísima atención a cada alumno. Haberá que engadir, doutra banda, a dificultade de contar cos medios e instalacións materiais imprescindibles: sistemas informáticos, estudos de radio e televisión, prácticas, etcétera.

Existe, non obstante, unha nota positiva, alomenos de primeiro: o incremento da demanda facilitou unha selección maior dos estudantes de xornalismo. Se xulgamos polos seus expedientes de Bacharelato, os actuais alumnos son moito mellores que quen os precederon.

Das catro dificultades mencionadas só a primeira -a oposición dun sector dos profesionais da comunicación- é exclusiva da Facultade de Ciencias da Información. Non sucede isto en Medicina nin en Dereito nin en Farmacia nin en Arquitectura. A falta de tradición académica pode definirse como un feito biolóxico, padecido antes ou despois por moitas outras carreiras que no seu momento foron novas e apandaron tamén co receo dos estamentos establecidos. Tampouco é exclusivo destas Facultades a insuficiencia de profesores axeitados e, finalmente, a masificación é unha lacra xeralizada na Universidade española.

A Facultade de Ciencias da Información ten só 28 anos de vida: é unha crianza recién nacida en comparanza con outras Facultades e Escolas. Para que crecese e madurecese había ser bo non agravar eses catro problemas que citamos.

Pero, diante desta situación, ¿que di o mercado de traballo?

A mensaxe máis frecuente é que non hai sitio para tantos licenciados. Pero non é menos certo que o nivel de emprego está por enriba do nivel de emprego medio universitario español. Habería que acrecentar que a empresa está a optar por licenciados en Ciencias da Información, aínda que, segundo revelan algunhas enquisas, o que menos importa é o expediente académico e a institución na que se formaron.

Estas son as seis cualidades máis valoradas:

- Capacidade e hábito de traballo
- Cualidades humanas
- Formación humanística
- Capacidade de expresión
- Identificación co medio
- Sentido crítico

A valoración do expediente académico ou da institución na que o alumno estudiou, ocupa neste inquérito o lugar número 11 e 12, logo das cualidades xa citadas e doutras como o cociente de intelixencia, a especialidade temática ou o coñecemento de linguas e da informática.

Na mesma enquisa sinálase que a empresa destinará o 1% dos seus orzamentos á formación dos seus empregados, preséndolles máis atención aos administrativos que aos xornalistas.

*Xa que logo o mercado di tres cousas:* que ha seguir a empregar aos licenciados en Ciencias da Información, pero non a tantos como producen as Facultades: que -malia que algúns din que os medios son o mellor ámbito de formación dos xornalistas- non adicarán a penas esforzos á súa actualización e mellora profesional; e que prefiren para as súas redaccións persoas con moita capacidade de traballo e garantías de xeneralistas, é dicir, persoal polivalente e flexible, que se poida reubicar profesionalmente.

## REFORMA DOS PLANOS DE ESTUDIO

Desde o ano 1991, no que o MEC fixou as directrices do plano novo, as Facultades de Ciencias da Información procederon á reforma dos seus planos de estudio. Desde entón o 60%, como mínimo, do total de créditos de licenciatura queda ao arbitrio de cada institución. Ou sexa, nas mans das Facultades queda a definición do arquetipo de licenciado que pretenden formar e a adecuación a esa fin dos seus planos de estudos. A partir daquela pódense sinalar algunhas tendencias:

- Incremento máis notable do número de créditos prácticos e de materias orientadas de dereito ao exercicio profesional.
- Énfase do específico, en detrimento da formación humanística ou xeneralista, que, para ben ou para mal, viña caracterizando os planos de estudio de Ciencias da Información.
- Multiplicación do número de disciplinas e acotamento da súa dirección.
- Redución das licenciaturas a catro anos.

As dúas primeiras tendencias supoñen, dunha banda, un certo abandono do modelo híbrido e un achegamento ao modelo profesional ou vocacional e indican unha evolución cara á autonomía desta área. Implica tamén outras vantaxes e inconvenientes: precísanse máis profesores, máis aulas de informática, máis estudos de radio e televisión. Quer dicir que estas Facultades esixirán máis investimentos que arestora. Todo ilo require tempo e máis diñeiro.

As vantaxes máis salientables poden resumirse en dúas, ámbalas dúas de gran importancia: con esta reforma, polo menos en teoría, faise posible unha maior atención das Facultades ao seu terceiro ciclo -masters e doutoramento- e paralelamente á investigación.

Ao reducir as licenciaturas a catro anos resulta máis doado programar masters máis especializados, de un ou dous anos, como algunhas Facultades comezaron xa a ofrecer. En tempo suplementario permitiría que os alumnos se incorporasen ao mercado laboral en mellores condicións e sen ter chegado a unha idade superior aos do plano antigo.

Co doutoramento pode seguirse un razoamento case idéntico, se ben este, por definición, ocupa polo menos dous anos e está máis orientado á investigación e á docencia universitaria.

A mellora do terceiro ciclo debería supor un maior desenvolvemento da investigación básica e da investigación aplicada, nunha área que aínda non está moi adiantada, pese a que se produciron xa notables avances.

Dito todo isto, véxome na obriga de mirar cara ó futuro. Diseñar o que eu coido que serán as claves dese futuro.

O futuro de cada Facultade será máis ou menos brillante segundo as decisións que os responsables políticos e académicos de cada unha tomen con respecto a unha serie de problemas-clave xa sinalados.

Se cadra un dos principais riscos consista en non saber formar a ese xornalista polivalente, xeneralista, dotado sobre todo de grandes capacidades comunicativas: creativos que dominen as linguaxes. O fácil sería limitarse á instrución dun oficio. Para evitalo requérese un xeito de profesor que non se limite a explicalo que fai ou o que fixo, senón que sexa quen de reflexionar sobre o seu propio traballo para melloralo. É dicir, que saiba proporcionar aos seus alumnos as claves para que logo se desenvolvan e melloren pola súa conta. Un profesor así non se improvisa nin é o froito automático de máis ou menos anos de experiencia no mundo dos medios.

De todo isto dedúcese que as Facultades terán que desenvolver particularmente dúas liñas de traballo: estreitar máis a colaboración con outras disciplinas afíns e establecer unha meirande relación coa industria da comunicación. O primeiro coa fin de asegurar a súa consolidación académica. O segundo permitirá non só un mellor entendemento entre profesionais dos medios e académicos, senón tamén unha orientación máis precisa e eficiente da investigación que se leva a termo nas Facultades. As dúas, pois, redundarán na formación dos mellores xornalistas e mellores profesores.

Respecto ós másters de comunicación, organizados por xornais e empresas de comunicación, hai que recordar que en 1986 créase o Máster de Periodismo de El País, en colaboración coa Universidad Autónoma de Madrid.

En 1988, o de El Correo Español-El Pueblo Vasco, en colaboración coa Universidad del País Vasco. E, en 1993 o de La Voz de Galicia, en colaboración coa Universidade da Coruña.

Estes masters en Medios de Comunicación (MMC) ofrecen poucas prazas (20 ou 30) e diríxense a licenciados de calquera especialidade, agás o do ABC, que só admite a licenciados en Ciencias da Información. Desde a súa creación, e ata hoxe, das aulas destes catro masters saíron 1.056 titulados, dos que máis do 80% traballan en medios de comunicación.

Como queda dito, o Máster en Medios de Comunicación de La Voz de Galicia nace en colaboración coa Universidade coruñesa. É este un título universitario propio da Universidade da Coruña, de acordo co establecido na Lei de Reforma Universitaria. Os estudos e prácticas desta titulación están dirixidos a titulados universitarios de segundo ciclo que desexen adquirir ou ampliar os coñecementos, actitudes, métodos, hábitos e técnicas cara ao exercicio do xornalismo ou calquera outra

profesión en relación cos medios de comunicación en calquera das súas formas. Estes estudos e prácticas duran todo un ano, de outubro a setembro, e teñen unha equivalencia de 81 créditos (810 horas lectivas en total).

### ¿POR QUÉ UN MÁSTER EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN?

Ao tempo que as empresas xornalísticas observan que para a alta cualificación dos profesionais non é suficiente o exercicio práctico da actividade laboral, en medios universitarios recoñécese que a actividade académica e os planos de estudio precisan de complementos formativos prácticos para que os licenciados aborden de maneira máis doada o exercicio inmediato da profesión. Noutra faciana a elevación dos niveis científico e tecnolóxico esixe aos profesionais en activo unha continua posta ao día.

Ata a entrada en vigor da Lei de Reforma Universitaria non era fácil atopar camiños comúns á Universidade e a empresa xornalística a fin de favorecer-lo intercambio de experiencias, de xeito que resultaba pouco menos que imposible a realización e posta en práctica de programas de formación e especialización profesional, que, amais de ser efectivos, tivesen a garantía dunha titulación universitaria.

Hoxe soamente existen en España estudos de características semellantes en Madrid, o País Vasco e A Coruña, e son froito sempre da colaboración entre universidades e empresas xornalísticas de prestixio. A experiencia nestes casos ao longo de varios anos demostrou:

- A existencia dunha demanda destes estudos por parte de licenciados de todo tipo de carreiras, como evidencia o número de solicitudes presentadas e o rigor das inevitables probas de selección.

- A extraordinaria acollida que se presta aos que fan os estudos de Máster en Xornalismo no mercado de traballo, de xeito que un 70% deles son contratados dentro do ano seguinte ao remate dos estudos. No Máster de La Voz esta porcentaxe supera o 80%.

- O recoñecemento xeral, entre os profesionais, do prestixio que teñen esas ensinanzas, fundamentando a participación de medios de comunicación no seu deseño e realización de actividades, no seu carácter vivo e no adecuado ratio profesor/alumno.

- O título correspondente a estes estudos é ben recibido no acceso ao exercicio profesional, tanto en medios de comunicación como en gabinetes de prensa de empresas privadas e institucións.

O Máster pretende a formación de profesionais capacitados para exercer-las complexas funcións que requiren os diferentes

soportes de comunicación, con diversos ritmos e tempos na produción e niveis de tratamento. Por enriba de posibles obxectivos ou destinos concretos a priori, hase ter en conta que o xornalista de hoxe está suxeito a unha alta mobilidade entre os distintos medios, o que esixe unha polivalencia que implica a necesidade dunha formación básica máis completa, cun coñecemento dos recursos de cada un dos soportes.

No deseño do plano de estudos considerouse a trascendencia e necesidade de contribuír á formación dun corpo de profesionais con imaxinación, recursos e creatividade. Estas características cómpren non soamente para atender as actuais demandas dos cidadáns canto á información, senón tamén e sobre todo para responder no futuro aos retos e esixencias que sen dúbida se producirán continuamente no mundo da comunicación, no seo dunha sociedade que cambia sen cesar e de maneira moitas veces difícil de prever.

Discútese decote sobre os criterios de selección curricular e cales han ser os coñecementos específicos que se deben ter en conta para o exercicio dunha determinada profesión. No noso caso, e a partir do nivel cultural que se lles debe supor aos titulados universitarios, adóptanse criterios selectivos que garanten na práctica unha visión interdisciplinar e básica da cultura do noso tempo. Trátase, máis ou menos utopicamente, de pretender que quen obteñan o Máster se atopen capacitados para entender e comunicaren un amplo abano de ideas, conceptos, feitos, principios, tendencias, modelos e teorías. A extensión do coñecemento actual, a velocidade dos cambios e a complexidade evolutiva dos medios obriga a unha necesaria peneira daqueles contidos que teñen valor permanente, desenvolvéndoos no exercicio de capacidades e actitudes, na práctica de métodos e procesos.

O carácter eminentemente práctico que han ter os estudos do Máster non debe desbotar o coñecemento analítico, reflexivo e crítico dos mecanismos, métodos, técnicas, convencións e determinantes culturais e sociais que configuran o sistema de comunicación nunha sociedade concreta.

As técnicas de produción xornalística constitúen un dos alicerces da formación de futuros profesionais e non só no que se refire ás actividades de reporteirismo e redacción. A evolución extraordinaria das tecnoloxías e recursos dos medios de comunicación audiovisual fan preciso un tratamento específico das características particulares destes medios, sen que hoxe sexa posible imaxinar unha formación limitada ás canles e procedementos exclusivos da prensa escrita.

Os profesionais dos medios de comunicación han coñecer os recursos técnicos de que dispoñen e máis saber utilízalos, pero tamén han estar dotados dunhas actitudes e dominar practica-

mente unhas destrezas e habilidades expresivas que configuran o que se chama técnica xornalística. É o manexo dos recursos, sometido á análise crítica, o que pode subministrar o feedback para o proceso de aprendizaxe desa técnica.

Aínda que poida parecer gratuíto, debe asemade mencionarse a necesidade do exercicio no desenvolvemento de actitudes. O senso crítico, a curiosidade, a constancia, a honestidade e integridade, a cooperación, o respecto á lóxica, a adaptabilidade, a tolerancia, a solidariedade, non son soamente enunciados dun posible catálogo de virtudes. Son disposicións para pensar, actuar ou responder perante situacións, que poden educarse e desenvolverse, e resultan de importancia clave para o exercicio da profesión xornalística.

Dixen ó comenzar a miña intervención que o xornalista non vai desaparecer como tal. Mentras a sociedade teña a necesidade de seguir informada, este papel corresponderalle ó xornalista. Pero, dito esto, engado de inmediato que o seu papel deberá adaptarse ós novos tempos e ás novas necesidades. É na medida en que os xornalistas sexamos capaces de evolucionar, a nosa continuidade estará garantida.

¿Cómo vai ser pois o xornalista do futuro? Entre outras moitas condicións deberá ser un bo comunicador. O profesor, compañeiro e amigo, José Francisco Sánchez establece unhas ideas claves que eu comparto plenamente, e expoño a continuación.

Un bo comunicador, di Paco Sánchez, non é aquel que domina unhas técnicas ou destrezas máis ou menos mecánicas, senón que é quen de:

- Saber ollar
- Saber escoitar
- Saber pensar
- Saber expresar aquilo que ollou, escoitou e pensou

**Aprender a ollar:** saber ollar é caer na conta do que son as cousas. O que coida que o sabe todo, que está de volta, non é quen de ver nada, de escoitar nada nin de contar nada que verdadeiramente pague a pena.

**Saber escoitar:** supón algo máis que oír; escóitase cos cinco sentidos. Cando un escoita de verdade, presta atención e non oe só a voz da persoa escoitada, senón que a ve; tócaa, chéiraa, saboreaa: "pónse no seu pelullo". Escoitar significa tamén tentar saber comprender non só o que di o outro, senón tamén o que quer dicir co que me di.

**Saber pensar:** pensar consiste en moer o que un ten visto e escoitado en función da realidade, dun mesmo e máis daqueles a quen ten que llo contar. Iso é aprendermos a pensar: só o que pen-

sa ben e con claridade é quen de pensar algo que pague a pena e dun xeito intelixente. A afouteza, a pouta dunha mensaxe escrita, sonora ou audiovisual non depende tanto da súa forma como da forza, o vigor ou a gadoupa do pensamento que expresan.

**Saber expresarse:** expresarse é contarse, dicirse, explica-las cousas a través da propia alma. Pero achar a propia voz significa algo máis. Hai quen teñen moito que dicir e non acertan, non saben cómo o facer. Non os entendemos ou entédemolos mal. A se expresar por escrito apréndese lendo, escribindo, relendo o escrito e máis reescribindo. E non hai outra fórmula. Unha das contradicións da sociedade moderna é que xamais o home contou con tanta información e xamais estivo peor informado. Porque tanto dato illado non chega a formar unha resposta miolar a tantas necesidades. Todas esas informacións son respostas a preguntas que ninguén formulou e que a ninguén interesan.

**Aprender que é o home:** Ben Bradley, o mítico director do Washington Post, guieiro do equipo de investigación do Watergate, adoitaba dicir a quen lle preguntaba cómo formar mellor aos futuros xornalistas: "Facerlles ler todo Shakespeare". En Shakespeare está case todo o que cómpre saber sobre o home: as súas paixóns, as súas virtudes e vicios, as súas arelas permanentes de felicidade e como esta se pode acadar ou perder. Por enriba de todo, un bo comunicador ten de coñecer fundamente ao ser humano, pois este é o obxecto e a fin das súas mensaxes. Nada interesa tanto ao home como o propio home e así o entenderon os clásicos. Eles son os grandes comunicadores de tódolos tempos: amigos aos que debemos visitar con frecuencia. Pero non se aprende humanidade exclusivamente nos libros. Só é quen de entender o xenuínamente humano -e xa que logo de o facer entender- quen se achega sempre ás persoas non xa con respecto, senón mesmo con cariño.

Sínálanse a cotío que as tres cualidades básicas dun científico son a **curiosidade**, a **creatividade** e a **competencia**. Sen curiosidade non hai maneira de chegar preto da ciencia; sen creatividade é imposible desenvolver a tecnoloxía necesaria para que un descubrimento científico poida ser utilizado polos cidadáns; e sen competencia (coñecementos sólidos) nada se pode achegar ao desenvolvemento da ciencia.

Ao físico Albert Baez gustáballe engadir unha cuarta C. Porque ninguén dubida de que con curiosidade, creatividade e competencia se poden obter grandes cousas, pero tamén se pode chegar a descubrir a bomba atómica. E a cuarta C que Baez suxire non é outra que cariño. Hai quen lle chama ética, responsabilidade, solidariedade ou interese polos demáis.

Un xornalista curioso (que sabe ollar, como di Paco Sánchez), creativo (que sabe conta-las cousas) e competente, (que ten tras

el unha sólida formación xeneralista) é un gran xornalista. Se, amais, lle pon cariño ao seu traballo (interésase polo home que é e polos que o arrodean) será o gran xornalista que a sociedade quer. Non se pode esquecer que a prensa escrita é o máximo denominador común dunha sociedade democrática.

Cómpre, xa que logo, mantela en bó estado e melloralala día a día.